

# Manual do/a usuario/a



## 1.- O menú principal:

Na zona superior da pantalla atópase o menú principal dende o que acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxate no gráfico:



Tal e como se explica para moverte pola unidade unicamente deberás de facer clic naquel apartado que queiras, tras o cal aparecerá o contido escollido.

## 2.- Ver/ocultar grosa, esquemas e ligazóns:

Nalgúns lugares, no fondo da pantalla, poderás observar unha serie de botóns que che permiten realizar diversas funcionalidades:



Este desprega un menú dende o que acceder a calquera dos subapartados relativos ao que está aberto na pantalla.



Permite ocultar as palabras clave que están en grosa (negriña).



As frechas permiten moverse ó seguinte ou ó anterior apartado, si existise.



O botón de ver o esquema amosarache un breve mapa conceptual no que se recolle o principal do tratado no apartado, intenta comprendelo.



Este abrirá unha imaxe ou gráfico no centro da pantalla.



Abrirá algún contido de Internet na páxina central como pode ser un vídeo de Youtube.



Abre arquivos como pdfs ou esquemas do texto que estás a ver.

### 3.- As lecturas:

A unidade conta con lecturas que teñen un aspecto semellante ó da imaxe, para “pasar as follas” so debes de por o rato nun dos dous bordos laterais e facer clic., verás que fai un efecto como si se levantase a folla. Tamén podes pasar as follas empregando as frechas dereita e esquerda do teclado.

**② As plantas - Clima e vexetación**

Inicio ▾ As plantas ▾ Clima e vexetación ▾ Lengua ▾ Lingua ▾ Matemáticas ▾ English ▾ Computación ▾ T. colectivo ▾

**El libro de la selva**

Rudyard Kipling

Ahora tenemos que saltar diez u once años. Podéis adivinar lo feliz que sería la vida de Mowgli con los lobos. No tenemos posibilidad de describirla. Ocupamos demasiados libros. Creció junto a los lobatos, aunque ciertamente el ritmo de crecimiento fue muy distinto: los lobatos eran ya adultos cuando él todavía estaba en la primera infancia. Fale Lobo, con infinita paciencia, le enseñó el significado de todo lo que le rodeaba en la Selva: un mínimo crujido de la hierba, un soplo de aire en la tibieza de la noche, el trinar del búho sobre su cabeza, los distintos ruidos que hacen los murciélagos cuando se detienen en un tronco para descansar, arañando fuertemente, el menudo chapoteo de un pez cuando salta en una balsa. Todo encerraba para él un significado, como otras realidades tienen sentido para el hombre de negocios sentado en su oficina.

Siguiente

Pondo o rato nun lateral e facendo clic podemos "pasar folla"

Unidade Didáctica Integrada - 5º Primaria

### 4.- As actividades:

Na práctica totalidade das actividades atoparaste na parte superior con unha ou dúas ligazóns que se pomes levarante algún lugar de Internet onde podes consultar algo relativo as actividades que estás a facer como por exemplo un dicionario.

Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades, si pos o rato enriba de cada número verás o nome da actividade, facendo clic irás directamente a esa actividade.

Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente, pasa a seguinte sen necesidade de que fagas clic en ningún lado, si pola contra cometiches erros e debes de repetir o exercicio, este se recargará automaticamente.


Lembra que de todo o teu traballo con cada un dos grupos de actividades elabórase un informe que che pode servir de auto-avaliación, si o desexas ver so tes que premer na esquina superior dereita, na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, si foron correctas ou non, etc...

**Actividades 1**
**Informe de avaliación**
As plantas

**En que parte?**

Sinala a parte da planta á que se refire cada frase.

Órgano que sostén á planta.



ACERTOS:  
**0/3**

INTENTOS:  
**0/0**

PUNTOS:  
**0/3**

Anterior/seguínte  
actividade

• **Actividades**

1	2	3	4	5
6	7	8	9	10
11	12			

Ligazóns a todas  
as actividades

← →
Unidade Didáctica Integrada - 5º Primaria
✕



## 5.- Traballo colectivo:



Preme no botón que se atopa na esquina inferior dereita da pantalla. Uns novos botóns aparecerán.



Preme no que ten a icona dunha persoa para introducir o teu usuario e contrasinal.

